



Utiliza sempre preservativo

Os **PRESERVATIVOS** dan dobre protección porque evitan as **INFECCIÓNNS DE TRANSMISIÓN SEXUAL** e, ademais, os **EMBARAZOS NON DESEXADOS**.

É importante non utilizar lubricantes oleosos (locións corporais, vaselina,...) cos preservativos de látex (os masculinos) porque poden romper. Deben usarse lubricantes a base de auga.

O uso doutros métodos anticonceptivos como a **PÍLULA**, o **DIU**, o **DIAFRAGMA**, etc., **NON EVITA A TRANSMISIÓN DESTAS INFECCIÓNNS**.

¿Como podo saber se estou infectada? Facendo unha **REVISIÓN MÉDICA**. Ás veces é necesario facer análises.

Estas infeccións poden producir síntomas nos xenitais como dor, ardor, proído, fluxo anormal, molestias, verrugas..., tanto nas mulleres como nos homes.

Ás veces non producen síntomas, pero estanlle facendo dano ao noso corpo, por iso son tan importantes as revisións e a protección.

¿Teñen tratamiento? A maioría ten un tratamiento que **CURA**. Noutras o tratamento non elimina a infección pero **EVITA COMPLICACIÓNNS**.

Se non se diagnostican pronto e se tratan, poden aparecer complicacións como esterilidade, problemas no embarazo, transmisión ao fillo, cáncer xenital e outras.

Algunhas destas infeccións, cando non se tratan, poden chegar a ser moi graves e poñer en perigo a vida. Este é o caso da infección polo VIH, que causa a SIDA, por iso é fundamental facer a proba para poder recibir tratamento e evitar complicacións.

A PRESENZA DOUTRA INFECCIÓN DE TRANSMISIÓN SEXUAL FAI QUE O RISCO DE TRANSMISIÓN DO VIH SEXA MAIOR.

Todas as mulleres debemos estar atentas á nosa saúde sexual, e visitar o médico/a para facer revisións e recibir asesoramento persoal.

Desde logo, se notamos calquera molestia, debemos consultalo o antes posible.



Nas relacións sexuais, sempre protexida

As infeccións de transmisión sexual ou ITS son infeccións que as persoas podemos adquirir cando temos relacións sexuais sen protección.

Existen moitas diferentes e poden estar producidas por virus, bacterias, parásitos, fungos, etc. Algunhas das más coñecidas son: SIDA, sífilis, gonorrea, papiloma, herpes e clamidia.

¿Como se transmiten? A través do SEXO VAXINAL, ANAL e ORAL SEN PROTECCIÓN

¿Como podo ter sexo máis seguro?

¿Como podo protexerme?

Utilizando SEMPRE PRESERVATIVO no sexo vaxinal, anal e oral.

Son moi efectivos tanto o preservativo masculino como o feminino. Deben usarse desde o principio do contacto sexual vaxinal, anal ou oral.

O preservativo feminino facilitalles ás mulleres o control sobre as súas relacións sexuais. Pode colocarse ata 8 horas antes da relación sexual, e non hai necesidade de retiralo inmediatamente despois da exaculación.



CONSELLERÍA DE SANIDADE

DIRECCIÓN XERAL DE SAÚDE PÚBLICA

Servizo de Control de Enfermedades Transmisibles
Edificio Admto. San Lázaro, s/n

15703 Santiago de Compostela

Tel.: 981 54 29 60 / Fax: 981 54 29 70

<http://dxsp.sergas.es>

Coa colaboración de:

ALECRÍN. R/ Ronda de Don Bosco, 18 – 2º 36202 Vigo

Tel./Fax: 986 22 41 93

<http://www.alecrin.org>

CRUZ VERMELLA

A Coruña: 981 22 10 00 / Lugo: 982 24 10 08

Ourense: 988 22 24 84 / Pontevedra: 986 85 21 15

galicia@cruzroja.es

MÉDICOS DO MUNDO. Tel.: 600 58 17 54



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Dirección Xeral de Saúde Pública

uqui II III cebra D.L.: C 3638-2007